

A IMPROVISACIÓN ORAL GALEGA: DO BRINDO AO RAP

Alba María Rodríguez Díaz. IES Francisco Aguiar

DENOMINACIÓN E XEOGRAFÍA

Brindo, berindo ou birindo para o Courel, zonas do Cebreiro e as partes máis chairas dos arredores da serra (O Incio, Samos, A Pobra do Brollón).

Loia ou aloia para lugares próximos aos Ancares (como Cervantes, As Nogais, Pedrafita) e algúns concellos do Bierzo leonés (Valboa, Oencia).

CRONOLOXÍA

Século XVII- mediados do século XX.

ESCOITAMOS UN BRINDO

O Ribeira de Louzarela no Xantar Brindeiro (2009)

FACEMOS UN BRINDO

ACTIVIDADE: copla colectiva para coñecermos a estrutura do brindo.

A RETÓRICA NO BRINDO

1. INVENTIO: QUE QUERO DICIR

Actividade 1: cada persoa unha palabra. Louvanza a alguén.

Actividade 2: cadáver exquisito en pequenos grupos. Emocións e obxectos.

2. DISPOSITIO: ONDE COLOCO O QUE DIGO

Dístico resumo: os dous últimos versos os máis importantes.

Vounche dicir unha cousa
E heiche ir cantando o tono
E prä que subiche aquí?
Tu estás pintando o mono

Ribeira de Louzarela,
Teixeira do Courel, 2015

Estévez, K. (2019): *O Ribeira de Louzarela, brindador da dentro* (aCentral Folque)

Actividade 1: pé forzado por parellas.

"Por iso cheguei aquí"

"Por iso xa non te quero"

"Que contenta estou agora"

3: ELOCUTIO. COMO DIGO O QUE QUERO DICIR

Que palabras e figuras retóricas utilizo para facer a miña regueifa.

RECURSOS SEMÁNTICOS

Antítese

Tu estás aí animado
Estás aí todo tranquilo
Pero os que che estamos fóra
Estamos mortos de frío

Metáforas e dobres sentidos

Logo che ha vir unha nora
a ela non che lle interesa
dice que inda está moi fuerte
qu' inda levanta a tapa da artesa

Irmáns Veloso
O Incio (1989)

E que queden ben casados
Porque é o mes da renta
Iso depende do noivo
Como teña a ferramenta

Ribeira de Louzarella
Xantar Brindeiro (2009)

Actividade 1: responde á comparación ofensiva en prosa RAPIDAMENTE

- Tes máis perigo ca unha piraña nun bidet.
- Estas máis reseso que unha torrada abandonada nunha torradora.
- Es máis lento ca un caracol en bicicleta.
- Es máis aburrida ca unha clase maxistral.
- Estás máis amargado ca un profesor nunha excursión con pernocta.
- Es máis pegañenta ca o micrófono de Gayoso.
- Es máis pesada ca unha pedra de granito do Porriño.
- Es máis repunante ca un bocadillo de chourizo con Nocilla.
- Es máis míticx ca un funcionando lendo o xornal.

VÍDEO: Out of TVG

Actividade 2: responde EN VERSO á comparación ofensiva pero con algunha destas fórmulas no último verso (vídeo Out of TVG)

- Non me vaias ao cebolo
- Que traballo lle vai dar
- Que che fixen ghelipollas
- Patacas colleita propia.
- Fuches un pouco lanzao.
- Tes ti algunhas palabras (carreira de nenos).
- Dani, ardeume o BMW.
- Que sentín un blequinazo.
- A rañala, raparigo (sayonara baby de Terminator)
- Voute esnaquizar miñoca (Os malos a Son Goku)
- Ti estás bébeda Sue Ellen (Dallas).
- É un escándalo, Pereira (pratos combinados).
- Pa sempre mecagoental (viva Vigo)

4: MEMORIA. QUE SABÍA DE ANTES QUE POIDA RECUPERAR

Fórmulas para o segundo verso propias do brindo (Op. Cit):

Temporadas agro-gandeiras	<i>«Que é o tempo dos morodos», «Xa chegou a primavera», «E no tempo dos arados», «Porque che é o mes da renta», «No tempo da codorniza», «Xa veu o tempo do pan», «E no tempo do alcacén», «Nacín no mes San Juan», «Nacín no medio do vran», «Que chegou tempo das moras», «Que é o tempo da labrada»...</i>
Referidos á paisaxe	<i>«Por aquí pasa un arroyo», «o mellor évos o roble», «normalmente quedan brasas», «a auga xa fai arroyos», «E son da terra do nabo», «Pra tirarte no valado», «E no pueblo está o xunco», «E a castaña na fervencia», «normalmente éche nos soutos»...</i>
Referidos ao gando	<i>«E o ganado na labrada», «Eu téñoche dúas vacas, unha chámanlle a Garrida», «Vaite a gardar o ganado», «E na casa teño un macho»...</i>
Relativos ao Cristianismo	<i>«E naceu Jerusalén», «Rezo o avemaía», «Que Dios che día remedio», «Estoulle dicindo a Dios, tamén á Virgen María»...</i>
Oficios agro-gandeiros	<i>«Ei vos queda o panadeiro, da fariña fai a masa», «Algúas véndenche baldes», «E traballa co gramil», «E do viño nace as ganzas», «e trabállase coas sachas», «E trabállase cun burro», «alí che lousan coa lousa», «Ai! anque son labrador», «E de pastor nas ovellas», «E ca maza xa se peta», «Ai! e levamos forquitos», «Onte traballein no horto»...</i>
Festas/instrumentos/baile	<i>«Xa se acabaron as festas, solo quedan o San Blais», «Pero mañá voun á feira», «E o clarín tuturutú», «E agora tócoche a flauta», «Que bailo mui ben o tango», «E tocar tócache a flauta», «A gaita ten o rumbón»...</i>
Roupas	<i>«E traigo roupa de estambre», «Véxoche vestidos lindos», «Porque veño calzo en zocas», «E as mullers levan refaixo»...</i>
Animais	<i>«Que é o tempo das perdices», «Que é o tempo da raposa», «E tamén che ve os peixes», «No banco van as perdices», «E no monte anda a lebre», «Que teño vacas moradas», «E a sardiña en escabiche»...</i>

FÓRMULAS DE DESPEDIDA

- E vou da-la despedida.
- Temos que marchar pra a casa.

5: ACTIO. COMO CANTO. COMO ME MOVO. ONDE SINALO

Actividade 1 con pé forzado “Aquí tes a ferramenta”.
Melodía do brindo (Forgas+Pobra do Brollón)

Actividade 2: xogo de situacións en pequeno grupo.

1. Vas a unha voda e descubres que o cura é o teu exmozo. Explícaslle nunha regueifa as razóns polas que cortastes e o que che parece que se fixese cura.
2. Vas ver o rei de España para renderlle homenaxe. Explícaslle nunha regueifa por que a República che parece unha boa idea, aínda que el che pareza guapo e riquiño.
3. Vas ao despacho da directora castigado/a. Explícaslle nunha regueifa todas as razóns polas cales non debería castigarte.
4. Vas ao baño no Parlamento Galego. O presidente da Xunta acaba de saír do baño ao que vas entrar ti, con papel hixiénico detrás do pantalón. O baño cheira fatal. Tes que conseguir que quite o papel antes de que chegue á reunión do pleno parlamentario facendo unha regueifa.
5. Estás con Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, famoso escritor galego, que acaba de ser abducido por un ovni e traído á actualidade. Non lembra todas as cousas maravillosas que fixo. A ti non te coñece de nada de antes. Tes que recordarlles nunha regueifa.